

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE MARZO DE 2011

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/2649/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO DE SANTIAGO DE CHILE, 34-36.- Instalación de ascensor en ese edificio.

PARCELACIÓN

LIC/331/2011.- CARLOS RODRIGUEZ UZAL.- Parcelación urbanística da parcela 1.102 do Plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

2025/10.- FRANCISCO JAVIER ALCALDE LOPEZ Expte. LIC/1429/2009 3.000 €.-

1620/10.- JOSE MANUEL CASTELAO FIGUEIRAS Expte. LIC/2355/2006 1.500 €.-

401/11.- LUIS ALFREDO CASTRO TUBIO Expte. LIC/2194/2002 4.039 €.-

428/11.- MANUELA VIDAL FERRO Expte. LIC/1338/2007 1.500 €.-

4.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación das bases que rexerán a adxudicación de autorizacións de ocupación de postos nas terrazas de Belvís.

Apróbanse as devanditas bases.

5.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a solicitudes de exención nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense 14 beneficios fiscais.

6.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no Imposto sobre Bens Inmóbles.

Concédense unha exención.

7.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación de recurso de reposición e rexeitamento de alegacións no Imposto sobre o aumento do valor dos terreos de natureza urbana.

Estímase un recurso e rexéitanse varias alegacións.

8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/10/2010.

Rectifícase o acordo e concédese unha exención no imposto sobre actividades económicas.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense unha exención.

10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a bonificacións no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense varias exencións fiscais.

12.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de consolidación de muros existentes no Palacete sito na Finca do Espiño.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 91.553,84 euros.

13.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de rehabilitación de edificación destinada a CATALIZADOR CULTURAL no parque de Belvís, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto establecéndose un tipo de licitación de 254.242,56 euros.

14.- Adxudicación do contrato de subscripción de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos por Responsabilidade Civil-Patrimonial e risco colectivo de Accidentes do Concello de Santiago.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, SA (LOTE I) por importe de 112.500 euros e GENERALI ESPAÑA, SA (LOTE II), por importe de 19.575 euros (exentos de IVE).

15.- Revisión de prezos do contrato de servizo de AXUDA NO FOGAR no municipio de Santiago de Compostela.

Revisase o prezo de adxudicación do citado contrato suscrito coa empresa GERIATROS, SA, de acordo co 85% das variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2009 e decembro de 2010, quedando do seguinte xeito:

- 12,31 euros/hora para os servizos prestados em xornada laboral de luns a sábado (máis IVE do 8% e do 4% de aplicación por Lei de Dependencia).

- 13,33 euros/hora para os servizos prestados em xornadas de domingo ou festivos (máis IVE do 8% e do 4% de aplicación por Lei de Dependencia).

Gasto máximo: 700.059 euros.

16.- Adxudicación das obras de Acondicionamento térmico dos Centros Socioculturais de A Gracia e Lamascal.

Apróbase o correspondente proxecto así como a adxudicación dos traballos á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 40.000 euros.

17.- Adxudicación do contrato de subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase a subministración de referencia do seguinte xeito (IVE incluído):

| | ANUALIDADE 2011 | ANUALIDADE 2012 | ANUALIDADE 2013 |
|---------|-----------------|-----------------|-----------------|
| LOTE I | 69.939,19 | 88.344,24 | 18.405,05 |
| LOTE II | 26.506,42 | 33.481,79 | 6.975,37 |

18.- Adxudicación do contrato das obras de restauración do parque histórico de San Domingos de Bonaval.

Adxudícase as obras de referencia á empresa NEOR, SA, por importe de 49.245,29 euros.

19.- Adxudicación do contrato de subministro de mobiliario e equipamento para o Centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa (CERSIA).

Adxudícase o contrato de referencia á empresa ARCE AMOR, SL, por importe de 158.507,16 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación das bases e convocatoria de subvencións para o fomento de actividades e do movemento asociativo de mulleres para o ano 2011.

Apróbanse as bases e un orzamento de 18.000 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do gasto de formación e dinamización dixital para o primeiro semestre do ano 2011 na rede de Centros Socioculturais.

Apróbase un gasto de 28.500 euros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación do gasto e adxudicación de contrato das actividades previstas no programa Compostela Corresponsable.

Adxudícase o contrato á empresa GAELA CONSULTORA, SC, por un importe de 21.122 euros.

23.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do convenio de colaboración cultural entre o Concello e o Ateneo de Santiago.

Apróbase o devandito convenio por importe de 1.750 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do convenio de colaboración cultural entre o Concello de Santiago e a Fundación Rosalía de Castro.

Apróbase o devandito convenio por importe de 4.250 euros.

25.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do convenio de colaboración cultural entre o Concello de Santiago e a Asociación de animación sociocultural e tempo libre "Novo circo e cabaret galega".

Apróbase o devandito convenio por importe de 8.500 euros.

26.- Dar conta do Decreto da Alcaldía de 18.2.11 relativo á encomenda ao Consorcio de Santiago de Compostela da redacción do Plan Director de Infraestruturas da Cidade Histórica.

Dáse conta da encomenda.

27.- Dar conta de resolucións da concelleira delegada de servizos relativas a autorización para a execución de obras.

Autorízase á empresa DAVIÑA a executar as obras de reforma de alumeado público na rúa Quiroga Palacios (9.553,75 euros) e na rúa do Esquíu (6.548,75 euros) como parte do montante fixo de 150.000 euros/ano do contrato de xestión da iluminación pública municipal.

URXENCIA

1.- Apróbase iniciar o expediente de solicitude de subvención nominativa ao Ministerio de Cultura por importe de 1.000.000 de euros para o programa de actuación "acondicionamento e valorización do castelo da Rocha Forte".